



CONCELLO DE REDONDELA

O Excmo. Concello de Redondela e Cáritas teñen a ben xuntarse coa finalidade de conveniar a donación dos produtos da horta ecolóxica que se atopa en Posadouro-Asnelle de Abaixo, 101, Reboreda (Redondela)

Reunidos:

Dunha parte o Excmo. Concello de Redondela, con NIF núm. P 3604500 C e domicilio na Rúa Alfonso XII, 2 – 36800 Redondela e, no seu nome D. Javier Bas Corugeira con DNI 36 050 839 H en calidade de Alcalde do Concello

E doutra parte Cáritas, con CIF R-3600056-J e domicilio en Rúa Adro, 15 – 36800 Redondela, e no seu nome e representación, D. Francisco Couñago Pereira, con DNI núm. 36 041 966 T, en calidade de responsable de Cáritas en Redondela

Recoñécendose entre eles a capacidade xurídica suficiente para facelo, subscriben o seguinte

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DONACIÓN DOS PRODUTOS DA HORTA ECOLÓXICA SITA NA CASA DA LABOR DO PAZO DE POSADOURO

Polo presente convenio, o Concello de Redondela dona a produción da horta ecolóxica que se atopa no Posadouro-Asnelle de Abaixo, 101, Reboreda (Redondela) a Cáritas Redondela.

Estas donacións, que dependerán da produción da horta, realizaranse previo aviso á Cáritas e a sinatura dun Recibín por parte da persoa enviada por esa entidade para recoller os produtos da horta.

Cáritas asume a todos os efectos a responsabilidade do control sanitario e a derivada do consumo dos produtos donados .

O convenio aquí presentado asínase para un período de 1 ano, con posibilidade de ser prorrogado.

Conforme as partes co contido do presente convenio, asinan por duplicado en Redondela a 10 de outubro de 2014.

O alcalde- presidente
do Concello de Redondela

O representante de Cáritas en Redondela



D. Javier Bas Corugeira

D. Francisco Couñago Pereira